

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/27/2020	GOB14I0D3
1266306T01644020160C	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTETRÉS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintetres de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### 2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.- (...)

**PRIMEIRO:** Outorgar a Intaf Promecan SLU (B-70.434.881), licenza de primeira ocupación dunha ampliación de nave industrial dedicada a fabricación, montaxe, mecanizado e calderería sita na estrada de Cedeira nº 209 (Ref. catastral 5492009NJ6159S0001ER), con suxección as seguintes condicións:

- axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-Delegado de Urbanismo do día 13.09.2018 (Exp.- 40/2018).
- Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra de data 27/12/2018 visado polo colexios oficiais correspondentes e demais documentación presentada aos efectos.

**SEGUNDO:** Proponer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

**TERCEIRO:** Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala ao interesado.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 .- PROPOSTA DE RATIFICACION DE CESION URBANISTICA PARA VIAL NA R/MURILLO.- (...)**

**PRIMEIRO.** Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por Dna. Gum\*\*\*inda \*\*\*dina Bec\*\*\*o R\*\*o e Dna. \*\*\*ía \*\*\*esa Gu\*\*\*eiro Be\*\*\*ro, para destinalo a vial.

**SEGUNDO.-** Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TECNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2020.-**

(...)

Acéptase a subvención recibida pola Deputación da Coruña polo importe de 15.000 euros e apróbase o plan de financiamento para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Narón, que para o ano 2020 é o seguinte:

Custos totais de persoal	47.524,14 euros ▪ Salarios: 36.165,78 euros - aplicación orzamentaria 92000 13100 ▪ Seguridade Social: 11.358,36 euros – aplicación orzamentaria 92000 16000
Achega do concello	32.524,14 euros
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	15.000 euros

A achega do concello para o gasto de persoal do Servizo de Normalización Lingüística está incluído no orzamento do concello de 2020.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2020.-**



(...) Solicitar a subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2020, de acordo co seguinte plan de financiamento:

<b>Custos totais de persoal</b>	47.524,14 euros <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Salarios: 36.136,78 euros - aplicación orzamentaria 92000 13100</li> <li>▪ Seguridade Social: 11.358,36 euros - aplicación orzamentaria 92000 16000</li> </ul>
<b>Subvención concedida da Deputación da Coruña</b>	15.000 euros
<b>Achega do concello</b>	0 euros
<b>Contía da subvención solicitada</b>	32.524,14 euros

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**6 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA PARA A CONTRATACIÓN DE MULLERES VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.- :**

(...)  
Dáse conta do seguinte:

*PRIMEIRO: Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para Solicitar a subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas*

*SEGUNDO: Solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a subvención para a contratación de 4 mulleres desempregadas, nos termos expresados na Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade de data 1 de xuño que regula a convocatoria para o ano 2020, cos seguintes datos:*

CATEGORÍA	Nº TRABALLADORAS
Peóns (GC 10)	4

*TERCEIRO: Aprobar o proxecto de obra ou servizo co obxecto de realizar tarefas de reforzo complementario de limpeza e desinfección en edificios e instalacións municipais ou edificios nos que seña o concello o responsable da limpeza.*

*CUARTO: Aprobar o seguinte cadro de financiamento para o proxecto antedito:*

CONCEPTO	DURACIÓN E XORNADA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANUALIDADE 2020		ANUALIDADE 2021		IMPORTE TOTAL
			CONCELLO	XUNTA	CONCELLO	XUNTA	
Salario GC 9	12 meses	4590/13100	0,00	19.118,15	0,00	40.691,78	59.809,93

4 traballadoras	75%						
SS GC 9 4 traballadoras	12 meses 75%	4590/16000	0,00	6.491,16	0,00	13.096,72	19.587,88
Indemnización 4 traballadoras	12 meses 75%	4590/13100	0,00	0,00	*1.934,04	0,00	1.934,04
Vestuario	12 meses 75%	4590/22104	1.000,00	0,00	0,00	0,00	1.000,00€
TOTAL			1.000,00	25.609,31€	1.934,04€	53.788,50€	82.331,85€

\*O importe marcado cun asterisco (1.934,04€) corresponde a cantidade pertencente á indemnización prevista no artigo 49.1.c do Estatuto dos traballadores, que para os efectos desta subvención non se consideran custos salariais subvencionables, segundo o establecido no artigo 3.3 da Resolución do 1 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas e se procede a convocatoria no ano 2020. Tendo en conta a data no que nos atopamos e a duración do contrato, a dita liquidación liquidarse en agosto de 2021, deberá ser obxecto de dotación no presuposto do exercicio 2021.

QUINTO: O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

SEXTO: Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

SÉTIMO: Dar conta da resolución á Xunta de Goberno Local."

A Xunta de Goberno Local deuse por enterada.

## 7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI